

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 60218 (10/POC-009355)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a reiteración das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións á internet que se veñen producindo en zonas do rural galego nos últimos meses, así como os datos referidos ás incidencias acaecidas nos últimos cinco meses
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.2 60408 (10/POC-009378)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia encamiñados á recuperación e promoción da galiña piñeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.3 60441 (10/POC-009398)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.4 60461 (10/POC-009407)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 5 máis
Sobre a cantidade de pataca, amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, recollida na campaña 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.5 60496 (10/POC-009417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da limpeza das franxas de xestión de biomasa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020



- 1.6 60889 (10/POC-009568)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre cando tivo coñecemento o Goberno galego da existencia de balsas no Concello de Sobrado dos Monxes, si fai o seguimento e as inspeccións necesarias nas empresas que tratan e transforman os lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos en fertilizantes para asegurar a saúde de persoas e animais, as medidas que se teñen tomado respecto do aparecido en agosto de 2019 en dito Concello así como as accións que pensa levar a cabo respecto dos responsables das irregularidades detectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.7 60920 (10/POC-009581)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre os factores que explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego, por que considera que non se acadaron os obxectivos da Mellora da estrutura agraria de Galicia así como o motivo que explica que a día de hoxe Galicia non conte cun mapa de solos de aptitude agronómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.8 61004 (10/POC-009618)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre os efectivos que se dispuxeron para a extinción do incendio ocorrido o día 1 de xaneiro na parroquia de San Salvador do Mao, no concello do Incio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por
Daniel Vega Pérez
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parl
amentodegalicia.gal
Fecha: 2020.01.20 16:43:40
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 20/01/2020 16:43:40

